



**NOTA INFORMATIVA SOBRE O FUNCIONAMENTO DO DESPACHO DE BILLETES
E DOS ACCESOS AOS ESPECTÁCULOS ORGANIZADOS
POLA CONCELLERÍA DE CULTURA E FESTAS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO**

Co obxectivo de mellorar o acceso aos espectáculos programados pola Concellería de Cultura e Festas no auditorio municipal do concello, e de cara a non prexudicar o público asistente a estes, infórmase do seguinte:

1. O despacho de billetes do auditorio pechará con estrita puntualidade uns minutos antes da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso do recinto. Unha vez comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala.
2. As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
3. As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
4. As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada (www.servinova.com / 902.504.500). Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. O organizador non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
5. Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada enmendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
6. A organización fai constar nos programas editados para a difusión de cada programación as idades recomendadas para determinados espectáculos, que pregamos respeten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
7. Ao entrar ao recinto, o público pode estar suxeito a un rexistro segundo a lei, non permitindo a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vigente. Resérvase o dereito de admisión.
8. Nos espectáculos programados quedan reservados todos os seus dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de video ou grabadoras, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita do organizador; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.